XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 54 00

INSTRUCIÓNS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE "ADOPCIÓNS ESPECIAIS"- 2011

INTRODUCIÓN

O Programa de Apoio ás Adopcións Especiais naceu no seu día co fin de promocionar a adopción de persoas menores tuteladas pola Xunta de Galicia que, polas súas características especiais, teñen máis dificultades para ser adoptadas.

A execución deste programa lévase a cabo en colaboración coa entidade FAIBEN "Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar" en virtude dun convenio de colaboración asinado coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar, que basicamente consiste en realizar labores de información e formación de familias así como acompañamento e seguimento das adopcións (e acollementos preadoptivos) unha vez constituídas.

Para os efectos da execución do Programa de Apoio ás Adopcións Especiais, emítense as seguintes

INSTRUCIÓNS

CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS

Non se entra a definir as "características especiais" das nenas e nenos pola amplitude do termo, pola interpretación múltiple e variada, ou pola dificultade de acordo incluso na característica de idade do neno ou nena. Por iso queda a criterio dos técnicos propoñer os casos que consideren que encaixan no amplo termo de "características especiais" en función da dificultade atopada para a asignación a unha familia solicitante de adopción.

CONTIDO DO PROGRAMA

A entidade colaboradora Faiben realizará, con respecto ás familias, as seguintes tarefas:

- **Publicitación social do programa e captación de novas familias** que aínda non estean incorporadas ao circuíto de calquera modalidade de adopción.

  A publicitación do programa no ámbito das SESIÓNS INFORMATIVAS PROVINCIAIS que realizan os equipos territoriais, realizarase a través de dípticos, folletos e outros documentos escritos que sexan elaborados por FAIBEN para que sexan entregados ás familias participantes nas citadas sesións entre o demais material que se entregue.

- **Formación específica**, adicional á prestada polo equipo de adopcións da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, para as familias declaradas idóneas para a adopción. Esta formación poderá ter unha dobre vertente:

  - Para as familias solicitantes de adopción que poidan ter interese nunha adopción especial.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 54 00

Co obxecto de que as familias poidan ter unha visión máis realista do que significa e implica unha adopción especial que lles posibilite tomar unha decisión informada acerca das características da nena ou neno a adoptar, a entidade impartirá formación ás familias previamente á presentación da súa solicitude.

A formación conterá formación teórica e práctica acerca das adopcións especiais non incluíndo, en ningún caso, visitas domiciliarias nin entrevistas de valoración ás persoas adoptantes.

Durante as entrevistas ou actividades formativas o persoal do programa deberá expoñer con claridade ás familias que aquelas non substitúen nin adiantan a necesaria valoración de idoneidade, que será levada a cabo de xeito independente por persoal dos Equipos Técnicos do Menor.

- Para as familias que xa estean no banco de solicitantes de adopción, que teñan un plantexamento aberto da adopción e poidan reconducirse cara unha adopción especial.

  As familias xa dispoñibles no banco de adopcións especiais que xa teñan o recoñecemento da idoneidade poderán ser aconselladas ou orientadas a redefinir a idoneidade dispoñible ou ampliar a novas características a aceptar.

  Os equipos territoriais remitirán, das listas provinciais de familias xa idóneas en espera, aquelas familias que acepten menores con características especiais e acepten incorporarse ao programa, aos efectos de que poidan reciclarse, e prepararse mellor coa formación que se imparte no programa, o que contribuirá a aumentar e mellorar a calidade do banco de familias que acepten menores destas características.

- **Acompañamento e seguimento post-adoptivo**

Ademais de realizar o seguimento e apoio daquelas adopcións realizadas a favor de familias integradas no programa, os equipos territoriais poderán dar traslado ao equipo de adopcións especiais daqueles casos que, aínda que non pertenceran ao programa, estean a ofrecer problemas e dificultades nas integracións, ou nos que se prevexa que poden producirse ditas dificultades, para que poidan intervir no acompañamento destes casos.

Así mesmo, o equipo de adopcións especiais continuará facendo o seguimento daqueles menores que fracasaran nas súas integracións.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 54 00

PROCEDEMENTO DE TRABALLO E COORDINACIÓN ENTRE OS EQUIPOS

Para o mellor funcionamento do programa, deberá producirse un bo intercambio de información entre os equipos territoriais e o equipo da entidade colaboradora.

Cando unha familia pase a formar parte do programa, o equipo técnico da entidade facilitaralle aos equipos territoriais informe escrito, que quedará no expediente da familia deixándoa así identificada como familia formada e preparada para as adopcións especiais.

Cando un caso (menor ou grupo de irmáns) **estea en condicións de ser promovido para integralo en familia preadoptiva** o equipo territorial da provincia a que pertence o caso, unha vez conclúa os intentos de localizar familia sen atopar ningunha (estean ou non integradas no programa), deberá pasar aos Servizos Centrais en Santiago a ficha, proposta e informes do caso para que sexa derivado ao resto dos equipos territoriais das outras provincias para a busca de familia de entre o resto de familias idóneas en lista de espera, dándose un prazo de 30 días dende que se envía o caso as provincias para atopar familia. Se neste prazo non se atopa familia o caso será pasado ao equipo da entidade colaboradora FAIBEN para que estes busquen familia. A entidade deberá comunicar de inmediato se existe familia axeitada para a súa integración e, de non atoparse, deberá informar en todo caso cada tres meses sobre a situación actual da solicitude.

Cando unha familia que pertence a este programa **sexa seleccionada para a integración dun/dunha menor** de características especiais, deberá ser comunicado aos equipos territoriais correspondentes (o que corresponda ao expediente do neno ou nena e o que corresponda ao expediente da familia) para que se teña constancia e coñecemento da nova situación, e non se dean casos de que outros equipos estean chamando a mesmas familias para outras integracións.

Cando se realice unha integración, o equipo de adopcións especiais emitirá un informe ao mes da integración e logo un segundo aos 3 meses e outro aos 6 meses. Estes informes deberán ser achegados aos equipos territoriais provinciais aos que pertenzan tanto a familia preadoptiva como a persoa menor integrada.

Igualmente, a entidade emitirá con periodicidade trimestral informe actualizado respecto dos/das **menores que fracasasen na súa integración** e se reintegren ao sistema de protección.

Estas instrucións entrarán en vigor desde o día seguinte á súa sinatura.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2011
A xefa do servizo de defensa do menor,

Asdo.: Alba Raz Boubeta